

CONFERENCIAS

**Un grupo de escritores
analizará os xéneros na
Universidade de Vigo**

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, organizan o IV Ciclo Escritores/as na Universidade. Trátase dunha serie de mesas redondas que se celebrarán en Filoloxía e nas que se achegará á comunidade universitaria e á sociedade en xeral a posibilidade de saber como ven os autores a situación actual dos seus respectivos xéneros literarios. EFE